



PREVENCIÓN DA INFECCIÓN
POLO VIRUS SARS-CoV-2
NAS MATANZAS DOMICILIARIAS
NA COMUNIDADE AUTÓNOMA
DE GALICIA

Dirección Xeral de Saúde Pública





Este documento foi elaborado pola Subdirección xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde (Dirección Xeral de Saúde Pública).

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2020



1. Introducción

A COVID-19 é unha infección respiratoria emerxente causada polo SARS-CoV-2 (*severe acute respiratory syndrome coronavirus 2*), un coronavirus que se detectou por primeira vez en decembro de 2019 na cidade de Wuhan, China. Este abrocho inicial en Wuhan propagouse rapidamente, afectando a outras áreas de China e posteriormente a outros países, o que levou á Organización Mundial da Saúde (OMS) a declarar a pandemia mundial o día 11 de marzo.

Na actualidade, e tal e como se constata no estudo dos brotes producidos en Galicia, o ámbito no que estes se orixinan é predominantemente familiar e social.

Debido ao anterior, e tendo en conta que as matanzas domiciliarias de porcino para autoconsumo forman parte da tradición rural galega e poden implicar a agrupación nas casas de persoas nun corto período de tempo, moitas delas vulnerables, o desprazamento entre localidades e o consecuente encontro de unidades familiares de distintos ámbitos territoriais, faise necesario establecer unha serie de recomendacións que minimicen o risco de transmisión da infección polo SARS-CoV-2 neste tipo de actividades.

As recomendacións reflectidas neste documento axustaranse á situación epidemiolóxica existente en cada momento na Comunidade Autónoma de Galicia.





2. Obxectivo

O obxectivo do documento é servir de guía para o establecemento das medidas necesarias para a prevención da infección polo SARS-CoV-2 nas matanzas domiciliarias de porcino na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Medidas de prevención da infección polo SARS-CoV-2

3.1. Medidas de protección persoal

Con respecto ás medidas de protección persoal, deberán manterse e reforzarse as seguintes medidas de precaución xerais:

- Evitarase o contacto físico e cumprir a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersonal establecida polo Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 de, polo menos 1,5 metros.
- Cumpríranse as medidas de limitacións de agrupacións de persoas establecidas polas autoridades sanitarias para o global de Galicia e aquelas que se adopten de maneira específica nos ámbitos territoriais nos que a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria faga necesario instaurar medidas máis restritivas.
- Seguirase a normativa vixente en Galicia en canto ao emprego obrigatorio de máscara cirúrxica/hixiénica.



- En concreto nos espazos privados, abertos ou pechados, de uso privado, recoméndase o uso de máscara, no caso de reunións ou de posible confluencia de persoas non conviventes, e a aplicación de medidas de hixiene, segundo o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, de 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade.
- No caso particular de consumo de tabaco ou de cigarros electrónicos na vía pública ou en espazos ao aire libre, incluídas as terrazas, só se poderá exceptuar a obriga de uso de máscara, e exclusivamente durante o indicado consumo, sempre que, tendo en conta a posible concorrencia de persoas e as dimensións do lugar, poida garantirse o mantemento, en todo momento, da distancia de dous metros con outras persoas. O anterior será aplicable tamén para o uso de calquera dispositivo de inhalación de tabaco, pipas de auga, cachimbas e asimilados.
- Realizarase unha adecuada hixiene de mans e hixiene respiratoria:
 - Lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón cando estean visiblemente sucias e despois de usar o inodoro. No resto de situacións poderanse empregar solucións/xeles hidroalcohólicos ou antisépticos con capacidade viricida.
 - Usar panos desbotables ao tusir ou esberrar e desbotalos nunha papeleira tras o seu uso. De non dispoñer de panos desbotables, cubrir a boca e o nariz coa flexura do cóbado.





- Despois de tocar secrecións respiratorias (esberrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos que puideran estar contaminados, deberase realizar unha hixiene minuciosa das mans.
- En ausencia de auga e xabón, ou como complemento a eles, recoméndase o uso de solucións hidroalcohólicas.

3.2. Medidas organizativas

En relación ás medidas organizativas deberanse manter ou establecer aquelas que diminúen o risco de infección polo SARS-CoV-2, adaptándoas ao escenario epidemiolóxico existente en cada momento.

Ademais hai que ter en conta as medidas vixentes e publicadas nos boletíns oficiais e que recollen:

- Limitación da liberdade de circulación das persoas en horario nocturno.
- Limitación da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos e privados.
- Medidas específicas en territorios concretos.

Por outro lado, establécense as seguintes recomendacións:

- Planificar con tempo as tarefas e os procesos para tomar medidas tendentes a garantir as distancias de seguridade e a distribución dos espazos.



- Avaliar se van a asistir persoas vulnerables fronte a COVID-19 para determinar se se precisan medidas específicas para estas persoas.
- Dispoñer na caixa de urxencias dun termómetro, mellor sen contacto.
- Facilitar o lavado de mans con auga e xabón e, se non é posible, o uso de solucións hidroalcohólicas.
- Se hai actividades en espazos pechados, proceder á ventilación frecuente.
- Dispor de papeleiras ou cubos con bolsa para tirar panos ou outros produtos desbotables de hixiene persoal.
- Non compartir utensilios ou obxectos. En caso de que exista alternancia deben establecerse pautas de limpeza e desinfección entre uso e uso.
- Se hai consumo de alimentos, evitar produtos de autoservizo (porta servilletas, aceiteiras) ou organizar o servizo para asignar tarefas específicas (servir, recoller...).

3.3. Medidas de limpeza e desinfección

- Extremar a limpeza e desinfeccións daquelas superficies que poidan se obxecto de contacto das mans dos visitantes.
- Recoméndase que os aseos contén con dispensador de xabón e papel de secado (asegurando a reposición de consumibles en todo momento) e papeleira con bolsa interior.



3.4. Medidas ante caso sospeitoso

Os síntomas máis comúns compatibles coa COVID-19 inclúen febre, tose e sensación de falta de aire. Nalgúns casos tamén pode haber diminución do olfacto e o gusto, calafríos, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos.

- Se alguén iniciase síntomas, illarase do resto das persoas e dos animais nun espazo que conte con ventilación adecuada, e unha papeleira de pedal con bolsa, onde tirar a máscara e panos que se poidan desbotar.
- A persoa contactará co seu centro de saúde ou co teléfono de referencia 900 400 116. Se a persoa é de fora da Comunidade autónoma chamará ao teléfono 881 002 021.
- No caso de percibir que a persoa que inicia síntomas estea nunha situación de gravidade ou teña dificultade para respirar, avisarase ao 061.
- Por último, haberá que realizar unha boa ventilación, limpeza e desinfección dos espazos e do resto das estancias onde estivera a persoa, acorde á situación do risco. A bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto.

-----X-----